

# HISTORIA DUN MATRIMONIO

Noah Baumbach, 2019

# 606

ESTREA EN NUMAX: 22.11.2019 | V.O.S.E. | +12

*Marriage Story* (2019, 136')

**Dirección:** Noah Baumbach

**Guión:** Noah Baumbach

**Elenco:** Scarlett Johansson, Adam Driver, Laura Dern, Merritt Wever, Alan Alda, Mary Hollis Inboden, Amir Talai, Azhy Robertson, Emily Cass McDonnell, Ray Liotta, Matthew Maher, Ayden Mayeri, Kyle Bornheimer, Mark O'Brien, Gideon Glick

**Son:** Lisa Pinero

**Música:** Randy Newman

**Montaxe:** Jennifer Lame

**Fotografía:** Robbie Ryan

**Dirección de arte:** Jade Healy

**Vestuario:** Mark Bridges

**Produtora:** Netflix, Heyday Films

**Distribuidora:** Tripictures

**Formato de proxección:** DCP2K, 1.66:1

**Idioma orixinal:** Inglés

**Premios e festivais:** Venecia 2019 (Sección oficial), Toronto 2019 (presentacións especiais)

## FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

*The Meyerowitz Stories*, 2017

*Mistress America*, 2015

*While We're Young*, 2014

*Frances Ha*, 2013

*Greenberg*, 2010

*Margot y la boda*, 2007

*Una historia de Brooklyn*, 2005

*Mr. Jealousy*, 1997

## SINOPSE

Un director de teatro e a súa muller, actriz, loitan por superar un divorcio que os leva ao extremo tanto no persoal coma no creativo.

«O proceso de divorcio coma campo de minas que debe ser sorteado con alegría vitalista; o drama familiar coma emocionante reflexo da comedia humana.»

Victor Esquirol, FILMAFFINITY



## “Tiña a idea de que contando a historia dun divorcio podería contar a dun matrimonio”

Entrevista con Noah Baumbach

Por Jazz Tangcay

### Onde comeza *Historia dun*

**matrimonio?** Buscaba un xeito de rodar unha historia de amor. Quería facelo doutra forma. Tiña a idea xeral de que contando a historia dun divorcio podería contar a historia dun matrimonio. O filme veu dese concepto de historia de amor.

### Aos meus corenta teño amigos divorciados. Descríbeno como se fose unha morte. Sei que estiveches moito tempo á procura disto, para amosar ben esa parte da historia.

Estiven. Desafortunadamente, ou afortunadamente nalgúns casos, moitos amigos marcharon durante os divorcios. Falei con amigos importantes para min e divorcieime. Volvín a eles e entrevistéinos dun xeito formal. Quería escoitalos outra vez. Foi interesante falar con homes e mulleres, ás veces cos dous membros dun matrimonio. Oílos desde cadansúa perspectiva, como as cousas cambiaran. Preguntei como se sentían antes e como se sentían agora. Nalgúns casos, as cousas cambiaran drasticamente. A xente que se está divorciando a miúdo sente vergoña,

é difícil falar cando iso está pasando. Iso tamén me revelou moito sobre cousas que daquela perdera.

**Gústame moito o tratamento da sogra, das quenllas e de todos os outros personaxes tentando o equilibrio.** O que tamén é absurdo, pero unha realidade do divorcio é que moita xente vese afundida nel. Tes un sistema legal con avogados, xuíces, avaliadores, mediadores. Todos eses profesionais de súpeto forman parte da túa experiencia. A familia entra tamén porque é unha reescritura do teu matrimonio. Así que toda a xente que formou parte do teu matrimonio dalgún xeito forma parte da narrativa do divorcio. Deume a oportunidade de crear eses personaxes, o cal foi fantástico. A familia de Nicole, a nai e a irmá. Tamén os avogados. Formaron parte natural da historia por todas esas razóns.

### Adoro a paleta de cores e como filmas Nova York, mais falo tamén coas cores cando filmas en Los Ángeles?

Unha das cousas que decidimos axiña foi a de traballar con Robbie Ryan (fotografía) e con Mark Bridges (vestiario), e foi porque Nova York e LA teñen ambientes e iluminacións diferentes. Podo recoñecer un filme feito en LA antes de que mo digan porque a luz é diferente. Mantivemos a mesma paleta de cores porque sabíamos que se verían diferentes. LA ten rosas e foi divertido nese sentido.

### As túas eleccións visuais golpean forte, vas directo ás emocións. Que

**influencias hai detrás disto?** Souben que faríamos moitos primeiros planos. Unha das cousas que fixemos foi acurtar a ratio de aspecto. Normalmente rodamos en 1.85. Isto rodouse en 1.66 e os bordos están incluso máis acurtados. Pensei que quedaría moi chulo. Outra parte da historia é que as persoas perden o control da súa propia narrativa, da súa voz e incluso a perspectiva porque os avogados llela arrebatan. Pensei que se podía contar moito desde a vida íntima porque as palabras e os diálogos só poden ser ditos neses espazos. Coas faces de Adam e Scarlett, tremendas faces. Un dos filmes referencia foi *Persona* (1966) de Bergman. Adoro como emprega os primeiros planos nese filme. Encántame como os emprega para individualizar, pero tamén para conectar cos dous personaxes.

Publicado en <https://www.awardsdaily.com>

Traducción: Olalla Cociña

### O director

Noah Baumbach (1969, Nova York), comezou a escribir guións na universidade e a filmar as súas películas con amigos. Cun deles, Oliver Berkman, escribiu o guión do seu primeiro filme. Foi nomeado nos Oscar ao Mellor guión orixinal por *The Squid and the Whale* (2005) protagonizada por Jeff Daniels. *Greenberg* (2010) foi nomeada para o Oso de Ouro na Berlinale. Tamén dirixiu *Frances Ha* (2013), *While We're Young* (2014), e *Mistress America* (2015), entre outras. El e a súa muller, Greta Gerwig, son dúas das personalidades máis admiradas do actual cinema independente en EEUU e traballaron xuntos en varias ocasións.

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)



## MARTA XA TEN O SEU ABONO PROTEXE

E ti, a que  
agardas para  
abonarte?



Se ti xa es de NUMAX  
e queres compartilo,  
fai unha foto co teu  
abono e compártea.

#eusondenamax